



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE

O pasado día 9 de abril ditouse a seguinte Resolución da alcaldía en formato papel ao non estar habilitada a sinatura electrónica do alcalde, polo que se procede ao seu traspaso a soporte dixital sen prexuízo de resultar eficaz dende o 9 de abril de 2018:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde.

Tralo cambio de Alcaldía, en virtude do acordo plenario do 6 de abril de 2018, estímase procedente efectuar un novo nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local así como unha nova designación das tenencias de alcaldía.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigos 61 e 62 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 15, 16 e 17 do Regulamento Orgánico Municipal, e os artigos 46 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E en uso das atribucións que me outorga o artigo 112.3 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46 do Texto Refundido aprobado polo R.D. Legislativo 781/86 do 18 de abril,

RESOLVO:

1º Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Rocío Aurora Bértoa Puente
- Xoán Manuel Rodríguez Bastida
- Juan José Franco Casal
- Andrés Serantes Painceiras
- Juana Barro Couto

2º Nomear Tenentes de Alcalde, e pola orde que a continuación se indica, aos/ás Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local seguintes:

- 1ª Tenente de Alcalde: Rocío Aurora Bértoa Puente
- 2º Tenente de Alcalde: Xoán Manuel Rodríguez Bastida
- 3º Tenente de Alcalde: Juan José Franco Casal
- 4º Tenente de Alcalde: Andrés Serantes Painceiras
- 5ª Tenente de Alcalde: Juana Barro Couto

Corresponde aos/ás nomeados/as e pola orde designada substituírme na totalidade das miñas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento legal que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcalde/Alcaldesa nos supostos de vacante na Alcaldía ata a toma de posesión do novo Alcalde/ Alcaldesa.

3º Consecuentemente, en virtude dos artigos 46 e 120 ROF, declárase a perda da condición de membros Xunta de Goberno Local, tenentes de alcalde e concelleiros/as delegados/as aos/ás seguintes concelleiros/as:

- Alejandra Permuy Meizoso
- Justo Martínez Ardá
- María Manuela Aguilar Prieto
- María del Carmen Martínez Rodríguez

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

CIF: P-1503600-G



4º Desta resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose aos interesados e publicándose no boletín oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día de hoxe.

5º Quedan derogados calquera outro decreto ou resolución que se opoña ao contido desta resolución.

6º Esta resolución será asinada en papel facéndose efectiva no día da súa sinatura, sen prexuízo da súa confección telemática unha vez que esta alcaldía teña habilitada a sinatura electrónica, momento no que se lle outorgará número de resolución.

Fene 9 de abril do 2018

O alcalde-presidente

A secretaria

Gumersindo P. Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas”

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

CIF: P-1503600-G